



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario ciclista ao longo da estrada PO-552 entre Baiona e A Guarda, clave: PO/07/088.06

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo de nivel avanzado nas ensinanzas de réxime especial de idiomas
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico de emerxencias sanitarias
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en mecanizado
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en cociña e gastronomía
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en panadaría, repostaría e confeitaría

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA



- Decreto sobre inspección de industria da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto de creación da comisión de seguimento dos contratos tipo agroalimentarios de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela, para o financiamento dun posgrao oficial interuniversitario en Psicoxerontoloxía

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a fixación da contía da compensación do 2005 prevista na cláusula I a) do Pacto Local que rexe na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación co pagamento aos concellos de Galicia da compensación do 2005 prevista na cláusula I a) do Pacto Local que rexe na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de cincuenta e sete millóns trescentos corenta e dous mil novecentos oitenta e sete euros con dous céntimos (57.342.987,02 €), correspondente á obra: “Corredor Sarria-Monforte, treito 1: Sarria-Noceda”



- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de corenta e seis millóns sesenta e un mil setecentos oitenta e oito euros con vinte e dous céntimos (46.061.788,22 €), correspondente á obra: “Corredor Sarria-Monforte, treito II: Noceda-A Áspera”
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dez millóns catrocentos noventa e oito mil cento noventa e un euros, con vinte céntimos (10.498.191,20 €), correspondente á obra: “Treito 2 Vía Ártabra VG 1.3: Enlace Meirás-Veigue (AC-526)” .
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de trinta e seis millóns cincocentos setenta mil novecentos cinco euros con sesenta e nove céntimos (36.570.905,69 €), correspondente á obra: “Enlace en Curro das autovías a Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, da autoestrada AP-9 e a estrada PO-531
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de nove millóns trescentos dezaseis mil oitocentos oitenta e catro euros con setenta e un céntimos (9.316.884,71 €), correspondente á obra: “Itinerario ciclista ao longo da estrada PO-552 entre Baiona e A Guarda”

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Allariz, para a ampliación e reforme da hípica e do cámping *Os Invernadoiros*

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura da addenda segunda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, hoxe Consellería do Medio Rural, e *SEIASA DEL NORTE S.A.* e a *Comunidade de Regantes da Lagoa de Antela*, para establecer as condicións técnicas e financeiras para participar na execución e explotación das obras de modernización e consolidación dos regadíos da lagoa de Antela na Limia (Ourense)



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da cláusula adicional trixésimo novena que substitúe a trixésimo quinta do concerto singular, do 29 de decembro de 2000, entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa S.A., pola que se establecen as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticos para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da cláusula adicional trixésimo oitava que substitúe a trixésimo cuarta, do concerto, do 29 de decembro de 2000, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa S.A., pola que se fixan as tarifas de actividade asistencial para o Servizo Galego de Saúde, se establece o importe máximo anual, se fixan as tarifas de actividade realizada polo Hospital Povisa aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, e se establecen os obxectivos de calidade asistencial no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008
- Acordo polo que se aproba a proposta da Comisión liquidadora sobre o procedemento para a formalización da disolución das fundacións públicas hospitalarias

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda pola que se acorda unha prórroga ao contrato de seguro colectivo de accidentes no mar asinado o 1 de outubro de 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa *Mapfre Seguros Generales, Compañía de Seguros y Reaseguros*
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda para a 4ª prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a agrupación de interese económico Lonxa de Campelo, para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Xunta de Galicia co Concello de Castroverde, para a execución da obra: Abastecemento de auga en Frairia. Castroverde (Lugo), por importe de trescentos corenta e oito mil oitocentos trinta e nove euros e cincuenta e tres céntimos (348.839,53 €)



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Maside, para a execución da obra: Abastecemento e saneamento no concello de Maside (Ourense), por importe de catrocentos once mil seiscientos oito euros e vinte e dous céntimos (411.608,22 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia e o Concello de Silleda, para a execución da obra: Colectores xerais e nova estación depuradora de augas residuais de Bandeira, Silleda (Pontevedra), por importe de dous millóns catrocentos noventa e oito mil oitocentos setenta e un euros e noventa e dous céntimos (2.498.871,92 €)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento do proxecto: *Viveiro máis Compostela para novas iniciativas empresariais no sector servizos*, a través do aluguer de tres locais

INFORMES

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe sobre a situación da educación infantil en Galicia



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O CONTIDO DAS PROPOSTAS DE CREACIÓN DAS NOVAS ENTIDADES NO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

- ***A norma establece como criterios básicos para a creación de novas entidades do sector público o de racionalidade organizativa, a eficacia e a eficiencia na organización e na xestión pública co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese público e das necesidades dos cidadáns***
- ***Trátase de evitar a creación de entes innecesarios que desenvolvan funcións xa atribuídas a outros órganos***
- ***A norma enmárcase na política de racionalización do sector público impulsada polo Goberno desde o ano 2005, e afecta a organismos autónomos, entidades de dereito público; axencias públicas; sociedades mercantís públicas; fundacións do sector público; consorcios e outras entidades con determinada participación e vinculación pública***
- ***O decreto estipula a obrigatoriedade de xustificar a necesidade e oportunidade da creación dos novos organismos, así como as súas vantaxes de cara á prestación dun mellor servizo ao cidadán e de avaliar axeitadamente o custo e viabilidade económica da súa creación***

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do decreto polo que se regulará o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico. Con esta norma, búscase evitar a creación de entes innecesarios que desenvolvan funcións xa atribuídas a outros órganos, polo que se estipula a obrigatoriedade de xustificar a necesidade e oportunidade da creación dos novos organismos, así como as súas vantaxes de cara á prestación dun mellor servizo ao cidadán e de avaliar axeitadamente o custo e viabilidade económica da súa creación.

Coa nova norma perséguese unha axeitada organización da Administración pública, de tal xeito que a interrelación, a complementariedade e a coordinación dos organismos que a compoñan garantan a prestación de servizos públicos de calidade.

A norma establece como criterios básicos para a creación de novas entidades do sector público o criterio de racionalidade organizativa, a eficacia e a eficiencia na organización e na xestión pública co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese público e das necesidades dos cidadáns. Neste sentido, trátase de evitar a creación de órganos innecesarios que desenvolvan funcións xa atribuídas a outros órganos.

A presente norma enmárcase na política de racionalización do sector público galego impulsada polo Goberno desde o ano 2005, e afecta a organismos autónomos, entidades de dereito público; axencias públicas; sociedades mercantís públicas; fundacións do sector público; consorcios e outras entidades con determinada participación e vinculación pública.



O decreto establece, para cada tipoloxía de entidade, a documentación e os informes necesarios en materia económico–financeira e organizativa por parte das consellerías que teñen encomendadas as funcións internas de control e que permitan avaliar axeitadamente o custo e a viabilidade económica da súa creación, a súa incidencia orzamentaria e, en xeral, a documentación que permita valorar a oportunidade de proceder á creación dunha nova entidade pública e determinar as vantaxes que supón para unha mellor prestación dos servizos. Con carácter xeral, a dita documentación inclúe proposta de estatutos da nova entidade, memoria xustificativa da creación; plan inicial de actuación; memoria económica-financeira e plan estratéxico.

O devandito decreto desenvólvese en trece artigos e dá cumprimento a aspectos recollidos na Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e na Lei 12/2006, de fundacións de interese galego. Así mesmo, ten como antecedente inmediato a Lei 16/2007, de orzamentos de Galicia para 2008, no que xa se establecía que as propostas normativas de creación de novas entidades que impliquen a ampliación do sector público galego, tiñan que establecer o réxime aplicable en materia de persoal, patrimonio e contratación; a natureza dos recursos económicos cos que desenvolverá a súa actividade; e incluír unha memoria xustificativa sobre a oportunidade da súa creación e unha proposta de estatutos.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 185 MILLÓNS DE EUROS EN CATRO ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a construción dos treitos entre Sarria e A Áspera, que completan a vía de altas prestacións Sarria-Monforte***
- ***Aprobado o investimento para acometer o enlace de Curro, un nó de comunicacións que reordenará o tráfico da futura autovía Curro-Baión, da autovía do Salnés, da AP-9 e da estrada Pontevedra-Curro***
- ***Autorizado o gasto para a construción do treito da Vía Ártabra entre o enlace de Meirás e Veigue***
- ***Visto bo ao proxecto de seguridade viaria na estrada Baiona-A Guarda, que inclúe a creación dun paseo litoral de máis de 27 quilómetros***

O Goberno galego investirá algo máis de 185 millóns de euros en catro actuacións en materia de infraestruturas viarias nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Na xuntanza de hoxe o Consello da Xunta autorizou á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a realizar o gasto para executar a construción dos treitos entre Sarria e A Áspera (que completan o corredor Sarria-Monforte); o enlace de Curro en Pontevedra; o treito da Vía Ártabra entre o enlace de Meirás e Veigue; e o proxecto de seguridade viaria para a estrada Baiona-A Guarda.

111 millóns para completar o corredor Sarria-Monforte

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de 103,4 millóns de euros para a construción do corredor Sarria-Monforte entre Sarria e A Áspera. Ademais deste gasto destinado en exclusiva á obra propiamente dita, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dedicará outros 8 millóns de euros a expropiacións e traballos complementarios, polo que o investimento total destes case 19 quilómetros acada os 111 millóns de euros. Este percorrido divídese en dous treitos, Sarria-Noceda e Noceda-A Áspera.

Entre Sarria e Noceda investiranse un total de 61,7 millóns de euros ao longo dos 9,3 quilómetros que separan estas dúas localidades, mentres que dende Noceda ata A Áspera (que suma a mesma lonxitude que o treito anterior), o investimento total acadará os 49,3 millóns de euros.

A autorización do gasto para estes dous primeiros tramos completan a totalidade do corredor entre Sarria e Monforte, posto que o último treito, entre A Áspera e Monforte (e no que se investirán 40 millóns de euros), atópase xa en fase de licitación. Ademais, xa se iniciou o proceso expropiador para os tres treitos. Todo o percorrido contará con dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 2,5 metros e as súas estruturas estarán preparadas para o seu desdoblamento en autovía cando a intensidade do tráfico así o requira. Este novo corredor Sarria-Monforte discorrerá polos concellos de Sarria, O Incio, Bóveda e Monforte de Lemos. Contará con 7 enlaces, 9 viadutos, 21 pasos superiores e 20 pasos inferiores.



Esta infraestrutura dará continuidade ao corredor Nadela-Sarria, duns 30 quilómetros e 106,6 millóns de euros de inversión, cuxas obras están xa moi avanzadas.

Polo tanto, todo o eixo Nadela-Sarria-Monforte, a Xunta de Galicia está a realizar un investimento total de case 260 millóns de euros e esta nova vía de altas prestacións configurarase como unha alternativa á estrada convencional LU-546, mellorando a súa seguridade viaria e a mobilidade de todo o sur da provincia de Lugo.

Investimento de 49,5 millóns para construción do enlace de Curro

O Consello da Xunta autorizou un gasto de 36.570.905,69 euros para a construción do enlace de Curro, un nó de comunicacións para reordenar o tráfico da futura autovía Curro-Baión, da autovía do Salnés, da actual autoestrada AP-9 e da estrada Pontevedra-Curro (PO-531), e permitir así a interconexión de todas estas infraestruturas dun xeito máis seguro e áxil. Ademais, deste gasto destinado á obra propiamente dita, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dedicará outros 12,7 millóns de euros a expropiacións e traballos complementarios, polo que o nó acadará un investimento total duns 49,5 millóns de euros. Despois de que o Consello da Xunta do 4 de setembro declarase de utilidade pública a devandita obra, iniciouse o proceso de expropiacións que agora se está desenvolvendo.

Este nó ten unha lonxitude total de 5,2 quilómetros que discorren polos concellos de Barro e Meis. Cómpre lembrar que este enlace, encaixado nun treito tamén con características de autovía entre Mosteiro e a AP-9, contará con catro ramais e nel haberá tres pasos superiores e outros tantos inferiores.

A importancia técnica deste enlace radica na súa capacidade para conectar e distribuír os importantes fluxos circulatorios xerados polas vías de altas prestacións que conflúen nel. Trátase dunha actuación de gran envergadura complementaria doutras en materia de infraestruturas que ratifican o compromiso da Xunta de Galicia cunha zona moi dinámica dende o punto de vista económico. Cómpre salientar a recente posta en servizo da Autovía do Salnés (que supuxo un investimento de 60 millóns de euros), a construción da futura autovía Curro-Baión (cun custo estimado de case 80 millóns de euros), ou a mellora da capacidade e seguridade da actual estrada Pontevedra-Vilagarcía (PO-531), na cal a Consellería de Política Territorial investirá uns 26 millóns de euros.

Investimento de 13 millóns para o treito da Vía Ártabra entre Meirás e Veigue

O Consello da Xunta autorizou un gasto de 10.498.191,20 euros para a construción do treito que une o enlace de Meirás con Veigue (AC-526), de 3.215 metros de lonxitude, pertencente á Vía Ártabra. A esta contía haberá que engadir os cargos adicionais que se destinarán ao pagamento das expropiacións e reposicións de servizos afectados, polo que o investimento total da devandita actuación acadará os 12.890.762,46 euros. Neste treito xa se iniciou o proceso expropiatorio logo de que o consello da Xunta aprobara a principios de mes o decreto de utilidade pública. O seguinte tramo é o que vai desde o enlace de Meirás ata a estrada Nacional VI e que inclúe a variante de Oleiros, xa que se están levando a cabo as expropiacións e as obras están en fase de licitación.



A Vía Ártabra configúrase como unha vía de altas prestacións que discorrerá entre o Porto de Lorbé e a Autovía do Noroeste e na que a Consellería de Política Territorial investirá un total estimado de 140 millóns de euros. Esta actuación, que forma parte do Plan Sectorial da Rede Arterial da Coruña (incluída no Plan Director de Estradas de Galicia) permitirá artellar mellor as comunicacións viarias dos concellos de Oleiros e Sada completando as actuais estradas secundarias e locais, redistribuíndo e separando os tráfico de curto e longo percorrido e incrementando así a mobilidade dos cidadáns. Esta nova infraestrutura constitúe tamén unha peza clave para optimizar a funcionalidade da rede de vías de alta capacidade que articulan a cidade coa súa área de influencia.

Trátase dunha infraestrutura totalmente gratuíta que estará conectada coa Autovía do Noroeste (A-6) e a estrada N-IV, e que tamén posibilitará aos usuarios acceder á Autoestrada do Atlántico (AP-9). Permitirá, polo tanto, mellorar as comunicacións e a seguridade viaria nos concellos da área metropolitana da Coruña, nos que viven máis de 340.000 cidadáns.

11,7 millóns para a mellora da seguridade viaria na estrada Baiona-A Guarda

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 9,3 millóns de euros na obra de mellora da seguridade viaria da estrada entre Baiona e A Guarda (PO-552). O Consello aprobou igualmente a declaración de utilidade pública do proxecto e dispuxo a ocupación dos terreos necesarios para acometer a obra, o que permite iniciar as expropiacións de 433 predios nos concellos de Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda. Entre a obra, o custo das expropiacións (2 millóns de euros) e a reposición de servizos, a CPTOPT investirá 11,7 millóns de euros neste proxecto.

A reforma da estrada Vigo-A Guarda-Tui (PO-552), no seu treito entre Baiona e A Guarda, acometerase ao longo de 27,6 quilómetros entre ambas vilas e inclúe a realización de 11 cambios de sentido, zonas de descanso en 9 deles, unha glorieta na Guarda e unha modificación do trazado da estrada para mellorar unha curva. A obra inclúe a realización dun paseo litoral para os distintos usuarios cuxa configuración divídese en dous treitos en función das características do terreo. No primeiro treito, ao longo de 2,6 quilómetros dende a saída de Baiona, a configuración da estrada entre o mar e os cantís condiciona a actuación a unha ampliación das beiravías existentes e a realización de gabias formigonadas de seguridade. Dende este punto (no quilómetro 20) ata A Guarda construírse un paseo que discorrerá paralelo á estrada polo lado do mar aproveitando nalgúns treitos o trazado de camiños existentes.

A obra entre Baiona e A Guarda engádese ao proxecto xa en marcha de integración paisaxística e mellora da seguridade entre Vigo e A Ramallosa (PO-325), que supón un investimento duns 30 millóns de euros en preto de 16 quilómetros. Ambas as actuacións serán complementadas por unha terceira entre A Ramallosa e Gondomar (PO-340) de 5,7 quilómetros para o que se está a redactar o proxecto. Todas estas actuacións de mellora da seguridade viaria e integración paisaxística impulsadas pola Consellería de Política



Territorial e recollidas no Plan “Vigo Íntegra” suman 52 quilómetros de lonxitude. Con estas actuacións, ademais de mellorar a seguridade viaria de todos os usuarios das vías, a consellería ten como obxectivo incorporar espazos para uso público de todos os cidadáns



APROBADO O CURRÍCULO DO NIVEL AVANZADO DAS ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE IDIOMAS EN CUMPRIMENTO DA LOE

- ***Este nivel comezará a impartirse nas Escolas Oficiais de Idiomas a partir deste curso 2008-2009***
- ***A Comunidade Galega completa deste xeito a ordenación das ensinanzas de réxime especial de idiomas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece o currículo do nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación (LOE). Deste xeito, a Comunidade Galega completa a ordenación das ensinanzas de idiomas, logo da aprobación dos currículos dos niveis básico e intermedio, e da ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

As ensinanzas recollidas neste currículo comezarán a impartirse nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Galicia e nas súas seccións a partir deste curso 2008-2009. O decreto establece o currículo do nivel avanzado dos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, galego, español como lingua estranxeira e xaponés.

Segundo se recolle neste decreto, o nivel avanzado terá como referencia as competencias propias do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa.

Este modelo baséase na concepción da competencia comunicativa entendida como a capacidade de uso do idioma, que abrangue tanto as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas, como as competencias intercultural e estratéxica.

Neste senso, este nivel, dividido en Nivel avanzado 1 e 2, ten como finalidade capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas. Deste xeito, capacitará ao alumnado para empregar o idioma en situacións comunicativas referentes a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística e de riqueza léxica.

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou en varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Por outra banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria autorizou para este ano académico a posta en marcha de 6 novas seccións das Escolas Oficiais de Idiomas, polo que en total este curso serán 29 os centros oficiais que impartan estas ensinanzas.





O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS DECRETOS QUE REGULAN OS SEIS NOVOS TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE ENTRAN EN VIGOR ESTE CURSO

- ***Establécense así os currículos dos ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias; técnico en mecanizado; técnico en cociña e gastronomía; e técnico en panadaría, repostaría e confeitaría***
- ***Ademais, autorizáronse os currículos dos ciclos superiores correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil e de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade***
- ***Créase nos ciclos de grao medio, como propio da Comunidade galega, o módulo de síntese, que integra os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais que se abordaron no resto dos módulos profesionais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os seis decretos polos que se establecen os currículos dos novos ciclos formativos que entran en vigor este curso 2008/09 en virtude da Lei orgánica de educación (LOE). Trátase dos currículos dos ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias; técnico en mecanizado; técnico en cociña e gastronomía; e técnico en panadaría, repostaría e confeitaría; e dos currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil e de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

O currículo do ciclo formativo de grao medio de técnico en emerxencias sanitarias establece que a súa competencia xeral consiste en trasladar pacientes aos centros sanitarios, prestar atención básica sanitaria e psicolóxica no contorno prehospitalario, levar a cabo actividades de teleoperación e teleasistencia sanitaria, e colaborar na organización e no desenvolvemento dos plans de emerxencia, dos dispositivos de risco previsibles e da loxística sanitaria ante unha emerxencia individual ou colectiva, ou unha catástrofe.

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de técnico en emerxencias sanitarias son, entre outros, relacionar as patoloxías posibles e analizar os procedementos de intervención para evacuar as vítimas de xeito seguro; analizar as técnicas de conducción en condicións adversas e con pacientes que presenten distintas patoloxías, enumerar signos de gravidade e relacionalos con criterios e protocolos de actuación, aplicar manobras de reanimación cardiopulmonar e técnicas de asistencia sanitaria inicial, e atender as emerxencias no centro de teleoperación ou teleasistencia sanitaria para derivar o recurso asistencial máis adecuado.

Respecto ao título de técnico en mecanizado, a súa competencia xeral consiste en executar os procesos de mecanizado por arranque de labra, conformado e procedementos especiais, preparando e programando as máquinas ferramenta, operando



con elas e verificando o produto obtido, conforme as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Pola súa banda, o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en cociña e gastronomía establece que a competencias xeral deste título consiste en executar as actividades de preelaboración, preparación, conservación, terminación e presentación, e servizo de todo tipo de elaboracións culinarias no ámbito da produción en cociña, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

A competencia xeral do título de técnico en panadaría, repostaría e confeitaría reside na capacidade de elaborar e presentar este tipo de produtos conducindo as operacións de produción, composición e decoración, en obradoiros e establecementos de restauración, con aplicación da lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Unha das novidades máis salientables é a inclusión nos ciclos de grao medio do módulo de síntese, que se crea como propio da Comunidade galega e que ten como finalidade a integración dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais.

Deste xeito, o módulo de síntese é unha especie de proxecto de fin de estudos no que o alumno plasma o aprendido no centro formativo e no módulo de formación en centros de traballo (prácticas en empresas).

Dous novos títulos formativos de grao superior

O Consello da Xunta aprobou tamén os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en educación infantil e de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade. Así, o currículo do primeiro establece como competencia xeral a aptitude para pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Por último, a competencia xeral do título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade consiste en organizar e coordinar as actividades de laboratorio e o plan de mostraxe, realizando todo tipo de ensaios e análises sobre materias e produtos en proceso e acabamentos, orientados á investigación e ao control de calidade, así como interpretar os resultados obtidos, actuando baixo normas de boas prácticas no laboratorio.

A carga horaria dos títulos aprobados hoxe é de 2.000 horas, distribuídas en dous anos académicos, tendo o módulo de formación en centros de traballo unha duración de 384 horas.



Este curso 2008/09 implantarase o primeiro curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas reguladas nas normativas anteriores, excepto no caso do título de técnico en emerxencias sanitarias, que é de nova implantación. Ademais, este curso implantaranse estas ensinanzas polo réxime para as persoas adultas. O vindeiro curso 2009/2010 entrará en funcionamento o segundo curso destes estudos polo réxime ordinario.



O GOBERNO GALEGO REGULA MEDIANTE DECRETO A ACTIVIDADE DE INSPECCIÓN INDUSTRIAL EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo texto normativo, que por primeira vez desenvolve o control administrativo previsto na Lei 9/2004 para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial***

O Consello da Xunta aprobou o Decreto sobre inspección de industria en Galicia, impulsado e tramitado pola Consellería de Innovación e Industria, que por vez primeira regula no noso país a ordenación da actividade administrativa da inspección industrial, consonte ao previsto na Lei 9/2004, de seguridade industrial de Galicia.

Con 8 capítulos, 36 artigos, 1 disposición adicional e 2 disposicións finais, o decreto define e delimita o ámbito e alcance da actividade inspectora, establece os principios de actuación que rexen estas actividades e desenvolve as funcións da inspección administrativa así como as medidas que derivan dela. Ademais, o decreto regula as funcións, facultades, obrigas e incompatibilidades dos inspectores ou inspectoras, concretándose por primeira vez os requisitos do persoal inspector e a consideración da súa figura como “axente de autoridade”.

O Decreto de inspección de industria tamén prevé que a Consellería de Innovación e Industria elabore e aprobe, con carácter periódico, plans de actuacións inspectoras programadas, coa extensión temporal que se determine nestes e con base en criterios de oportunidade, aleatoriedade ou outros que considere pertinentes. Os plans de actuacións inspectoras poderán ser de carácter sectorial ou territorial e poderanse declarar zonas ou sectores de preferente actuación de inspección industrial dotadas de plans propios de actuación inspectora integrada e de programas de inspección específicos.

Por último, o novo decreto detalla os protocolos de actuación que debe seguir o persoal inspector no exercicio das súas funcións, así como os documentos que se empregarán no procedemento, como dilixencias, informes de inspección ou modalidades de actas.



A XUNTA DE GALICIA CREA O REXISTRO DE COMISIÓNS DE SEGUIMENTO DOS CONTRATOS TIPO ALIMENTARIOS DE GALICIA

- ***O novo organismo facilitará a implantación da homologación de contratos agroalimentarios de ámbito galego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a creación do rexistro de comisións de seguimento dos contratos tipo agroalimentarios homologados pola Comunidade Autónoma galega, como un rexistro público de carácter administrativo adscrito á consellería competente en materia de produción agroalimentaria, a Consellería do Medio Rural. Mediante este decreto recoñecerase o papel que desenvolven estas comisións no impulso de transparencia das relacións económicas no sector agrario.

As comisións de seguimento son as encargadas da promoción, vixilancia e control dos contratos tipo alimentarios de Galicia e desempeñan un papel destacado no correcto funcionamento do réxime contractual. Ademais, constitúen un nexa de unión coas organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Ao longo da presente lexislatura, avanzaouse no desenvolvemento de sistemas normalizados de relación entre produtores e a industria transformadora agroalimentaria a través da homologación pola a Consellería do Medio Rural de contratos-tipo agroalimentario impulsados desde o sector.

Neste rexistro de comisións poderanse inscribir aquelas creadas para o seguimento, control e vixilancia dos contratos tipo agroalimentarios e no caso de que unha comisión teña prevista a creación de subcomisións deberá inscribirse facendo constar o establecemento das mesmas. Efectuaranse tamén, neste rexistro, as correspondentes anotacións da constitución da comisión e das posteriores modificacións.



O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NA POSTA EN MARCHA DUN POSGRAO EN PSICOXERONTOLOXÍA

- ***A Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración para o financiamento deste programa, ao que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará 30.000 euros***

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago para a posta en marcha dun Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Psicoxerontoloxía. Trátase dunha iniciativa que a Vicepresidencia da Xunta financiará con 30.000 euros.

O obxectivo desta oferta universitaria é dar resposta ás novas demandas de profesionais especializados neste ámbito específico da psicoloxía, tendo en conta tamén que en Galicia se está a desenvolver o Sistema Galego de Benestar, unha rede de servizos e infraestruturas destinados á atención de persoas en situación de dependencia que está a poñer de manifesto a necesidade de contar con persoal formado neste eido.

A duración do posgrao neste primeiro ano abarca desde este mes de setembro ata agosto de 2009. O programa está deseñado conforme a nova lexislación dos estudos universitarios no marco do Espazo Universitario Europeo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A COMPENSACIÓN AOS CONCELLOS DE 5 MILLÓNS DE EUROS CORRESPONDENTES AO ANO 2005

- ***Esta compensación –sen cuantificar- estaba prevista no Pacto Local asinado en 2006 como compensación para repartir entre todos os concellos galegos e forma parte da mellora no financiamento local abordada pola Xunta de Galicia nos tres últimos anos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a compensación aos concellos galegos correspondentes ao exercicio 2005 que ascende a 5 millóns de euros. Esta compensación –sen cuantificar- estaba prevista no Pacto Local asinado en 2006 como compensación a repartir entre todos os concellos galegos e forma parte da mellora no financiamento local abordada pola Xunta de Galicia nos tres últimos anos.

O Pacto Local subscrito entre a Administración galega e a Federación Galega de Municipios de Provincias (Fegamp) incluíu a creación dun fondo complementario de seis millóns de euros anuais para os anos 2006, 2007 e 2008. Nesa liña, recollía unha compensación de contía a determinar con cargo ao exercicio 2005.

Co acordo autorizado esta mañá, o Goberno –a través da Consellería de Economía e Facenda- dá cumprimento ao compromiso de dotar destes recursos complementarios aos concellos con cargo ao ano 2005. Segundo se recolleu no protocolo asinado o pasado 19 de setembro entre o conselleiro de Economía e Facenda e o presidente da Fegamp, os concellos galegos recibirán esta compensación de carácter extraordinario en dúas anualidades: a primeira por importe de 2 millóns de euros que se realizará no 2008 e outra de 3 millóns de euros que se efectuará durante o 2009..

O Fondo de Cooperación Local é o instrumento central de colaboración e cooperación económico – financeira da Comunidade galega e as entidades locais, e supuxo facer realidade para o conxunto dos municipios galegos, a participación das facendas locais nos ingresos da Comunidade Autónoma. As melloras no financiamento dos concellos abordadas pola Xunta de Galicia propóñense sobre a base de que medren os fondos de carácter non finalista e dar así máis autonomía aos municipios, de xeito que sexan eles mesmos os que teñan a capacidade de decidir o destino dos recursos que reciben das administracións tanto central, como autonómica.



A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE ALLARIZ PARA A MELLORA DA HÍPICA E DO CÁMPING 'OS INVERNADOIROS'

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Allariz para executar un proxecto de ampliación e reforma da hípica e do cámping *Os Invernadoiros*, localizado neste termo ourensán. Este convenio contempla unha achega da Consellería de Innovación de 350.000 euros para o presente 2008.

O proxecto céntrase en tres actuacións: a rehabilitación ou substitución dos actuais picadeiros e cortes por outros novos con mellores deseños e servizos, a instalación de bancadas e, por último, a realización e a mellora de distintas instalacións (oficinas, cafetería, restaurante, bungalows, zonas de xogo, aseos e instalacións complementarias).

O concello de Allariz, grazas a este proxecto, mellorará a súa oferta turística, deportiva e de ocio, o que contribuirá a potenciar o turismo de natureza e o desenvolvemento económico da zona e polo tanto de Galicia.



A XUNTA AMPLÍA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CON SEIASA DEL NORTE S.A. E A COMUNIDADE DE REGANTES DA LAGOA DE ANTELA

- ***O acordo establece as condicións nas que se realizarán as obras de modernización dos regadíos da Lagoa de Antela (Ourense)***
- ***A contía da addenda ao convenio é de 48.193 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a renovar a contía do convenio de colaboración con *Seiasa del Norte S.A.* e a *Comunidade de Regantes da Lagoa de Antela*. Este convenio establece as condicións técnicas e financeiras para participar na execución e explotación das obras de modernización e consolidación dos regadíos da Lagoa de Antela na Limia (Ourense). Co acordo aprobado hoxe polo Consello, a contía total vese incrementada por esta addenda con 48.193 euros, sumando un total de 869.565 euros destinados a este proxecto en seis anualidades.

Esta addenda deixa patente a vontade da consellería de promover accións orientadas cara á planificación dos recursos hídricos e á creación de infraestruturas de rega, fundamentais para o impulso do potencial agrícola e gandeiro da Limia. A finalidade deste convenio con *Seiasa del Norte* e os regantes da Lagoa é atinxir o desenvolvemento integral da comarca e atopar a solución dos problemas que xera o actual aproveitamento dos recursos hídricos, especialmente no referente ás extraccións indiscriminadas ás que están cometidos os ríos e acuíferos da zona.

A través deste programa, a Consellería do Medio Rural impulsa o desenvolvemento agrícola e gandeiro da comarca, apoiándose no seu principal motor, que son os regadíos. Para isto creouse o Plan Integral de Regadíos, que é o principal aval de diferentes obxectivos que a Consellería do Medio Rural está a acadar na zona. Mediante este plan, búscase a diversificación de cultivos mediante o aumento da área regable nas zonas de cultivo de patacas, a mellora dos rendementos e a calidade das explotacións e dos produtos para que os labregos da comarca poidan competir en mercados globais e a dignificación da súa calidade de vida mediante o incremento das rendas das súas explotacións ao non ter que depender das flutuacións no prezo dun único produto, a incorporación de mozos ao campo para frear así o abandono rural e a consolidación definitiva da agricultura da zona, garantindo o seu futuro estable e favorecendo a implantación de industrias transformadoras agroalimentarias, creadoras de riqueza, emprego e valor engadido para a comarca da Limia.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A DESTINAR MÁIS DE 74 MILLÓNS DE EUROS PARA A RENOVACIÓN DO CONCERTO CO POLICLÍNICO VIGO S.A. (POVISA)

O Consello da Xunta autorizou hoxe as cláusulas adicionais trixésimo oitava, trixésimo novena e cuadraxésima do concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa S.A. para o que o Servizo Galego de Saúde vai destinar 74.287.834,59 euros no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano en curso.

Todas as cláusulas forman parte do concerto que data do 29 de decembro de 2000 para a prestación por parte de Povisa de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social nas Áreas de Saúde de Vigo, Pontevedra, Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

O acordo autorizado hoxe establece as tarifas da actividade asistencial para o Servizo Galego de Saúde, as tarifas da actividade realizada polo Hospital Povisa aos Hospitais do Servizo Galego de Saúde e establecen os obxectivos de calidade asistencial.

Outra das cláusulas fixa as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticos neste ano. Estes programas definen os medicamentos autorizados para determinadas indicacións, os dispensados no momento da alta do paciente polo propio hospital e os fármacos das enfermidades de baixa frecuencia e alto custo que deben ser dispensados baixo a supervisión e control da farmacia do centro, aínda que o paciente non estea hospitalizado.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROCEDEMENTO PARA A FORMALIZACIÓN DA DISOLUCIÓN DAS FUNDACIÓNS PÚBLICAS HOSPITALARIAS

- ***O obxectivo deste proceso liquidador é integrar os activos das fundacións no patrimonio da Xunta de Galicia, quedando adscritos ao Servizo Galego de Saúde***
- ***Será necesario confeccionar os balances e os inventarios de liquidación e a relación de dereitos e obrigas contractuais con acredores e persoal que serán achegados polos órganos de administración das fundacións e entregados á Consellería de Sanidade antes do 31 de decembro***
- ***A comunicación aos centros do inicio das actuacións deberase levar a cabo antes do 20 de decembro, para que sexa efectiva esta disolución con data 1 de xaneiro de 2009***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a proposta sobre o procedemento para a formalización da disolución das Fundacións Públicas Hospitalarias da Barbanza (en Ribeira), Virxe da Xunqueira (en Cee), Verín e a do Salnés (en Vilagarcía de Arousa).

O obxectivo deste proceso liquidador é integrar os activos das fundacións no patrimonio da Xunta de Galicia, quedando adscritos ao Servizo Galego de Saúde así como a subrogación por parte do Servizo Galego de Saúde da totalidade das relacións laborais do persoal e a subrogación de todo tipo de exixible e pasivos continxentes dos que sexan titulares as fundacións. Todo isto tendo en conta, que en ningún momento cesará a actividade asistencial realizada en cada un dos catro centros asistenciais, posto que van pasar a formar parte da rede do Sistema Público de Saúde de Galicia, integrándose como centros de xestión do Servizo Galego de Saúde.

Para a dita liquidación será necesario realizar un labor baseado na información contable, económica e financeira, confeccionando os balances de liquidación, os inventarios de liquidación e a relación de dereitos e obrigas contractuais con acredores e persoal, que serán aportados polos órganos de Administración das Fundacións e entregados ao protectorado (a Consellería de Sanidade) antes do 31 de decembro do 2008.

Os pasos que se desenvolverán para o procedemento liquidador serán, nun primeiro lugar, a comunicación ás fundacións do nomeamento dos liquidadores e a primeira toma de contacto coas persoas designadas por cada un dos centros para efectos de solicitude da documentación necesaria como o balance de sumas e saldos ou o balance de situación. Ademais, débense confeccionar os inventarios, coa relación de bens e inmoables, ca de activos financeiros, de existencias, debedores, provedores, acredores e pasivos continxentes e finalmente coa relación de persoal subrogado ao Servizo Galego de Saúde.

A comunicación aos centros do inicio das actuacións deberase levar a cabo antes do 20 de decembro do 2008. Tras estes pasos, será o protectorado (a Consellería de Sanidade)



o encargado de aprobar a documentación de liquidación, e deste modo inscribírase no rexistro de extinción. A integración será efectiva con data 1 de xaneiro de 2009.



A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONTRATO DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES NO MAR SUBSCRITO ENTRE PESCA E MAPFRE

- ***Esta medida cobre os riscos de morte e invalidez permanente total ou parcial dos asegurados no desenvolvemento das súas funcións, como consecuencia de accidente laboral e 'in itinere'***
- ***A póliza, que tamén beneficia os tripulantes non galegos enrolados en buques con porto base na nosa comunidade autónoma, establece, así mesmo, bolsas de estudo para os fillos dos asegurados e inclúe gastos de repatriación e de sepelio***
- ***A prórroga estará vixente entre o 1 de outubro do actual exercicio e o 30 de setembro de 2009 e permite incluír entre as garantías cubertas o desprazamento e atención a familiares de desaparecidos e a prestación de axuda psicolóxica***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda pola que se prorroga o contrato de seguro colectivo de accidentes no mar asinado no ano 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa *Mapfre Seguros Generales, Compañía de Seguros y Reaseguros*. A póliza estará vixente entre o vindeiro 1 de outubro e o 30 de setembro de 2009 e o seu importe é de 1.186.800 euros, dos que 296.700 euros son para o actual exercicio e os 890.100 euros restantes, para o ano que vén.

Esta medida está destinada a cubrir os riscos de morte e invalidez permanente en todos os seus graos, devenidos no desenvolvemento das funcións do asegurado como consecuencia de accidente laboral e *in itinere*, ou en accións de busca, rescate ou auxilio de embarcacións ou os seus tripulantes en perigo. A póliza tamén establece axudas e bolsas de estudos para os fillos dos asegurados e, subsidiariamente, a cobertura dos gastos de repatriación (que amplían o seu importe ata os 7.500 euros por persoa) e traslado dos falecidos e de sepelio.

Ademais, a prórroga autorizada polo Consello da Xunta permitirá incluír entre as garantías cubertas polo seguro, a maiores das xa referidas, axuda psicolóxica durante un período de tempo determinado aos familiares dun asegurado desaparecido ou falecido e o desprazamento e atención a familias de desaparecidos no caso de que teñan que trasladarse ata o lugar de busca.

En canto aos asegurados, enténdese como tales os tripulantes galegos de calquera embarcación pesqueira, debidamente enrolados e con independencia do seu abandeiramento, así como os mariñeiros non galegos que coticen no réxime especial do mar da Seguridade Social, incluídos no TC2 dun buque pesqueiro con porto base en Galicia. Ademais, o seguro comprende os mariscadores, con autorización da Consellería de Pesca, no desempeño lícito da súa actividade; traballadores de viveiros flotantes radicados na nosa comunidade autónoma; e persoal da Cruz Vermella de Galicia cando actúen en tarefas de rescate e salvamento no mar nas nosas augas.



A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, no exercicio das súas competencias, contrata desde hai anos un seguro colectivo de accidentes no mar co obxecto de paliar, na medida do posible, a precaria situación que se produce nas familias dos profesionais do mar que sofren accidentes laborais. Coa chegada do actual Goberno galego á Xunta e coa finalidade de axear os beneficios ás situacións reais que debe amparar o seguro, fóronse introducindo melloras nas pólizas contratadas como a ampliación da cobertura aos inmigrantes enrolados en buques galegos ou a prestación de axuda psicolóxica e os gastos de desprazamento de familiares dos desaparecidos.



O GOBERNO GALEGO PRORROGARÁ ATA FINAIS DE ANO O CONVENIO PARA A ESTABILIZACIÓN PRODUTIVA DA RÍA DE PONTEVEDRA

- ***Con esta ampliación, a Consellería de Pesca realizará unha achega de máis de 900.000 euros para a continuación dos traballos que contempla o protocolo asinado coa agrupación de interese económico Lonxa do Campelo***
- ***Esta actuación forma parte das medidas que está impulsando a Administración pesqueira galega para paliar as consecuencias da catalogación dalgúns bancos marisqueiros como zona “C”***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda que permitirá prorrogar o convenio polo que se rexe o proxecto de estabilización produtiva da Ría de Pontevedra que están a desenvolver os mariscadores e mariscadores das confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán, que conforman a agrupación de interese económico Lonxa de Campelo. Esta actuación suporá unha achega de 979.968 euros por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e permitirá prolongar o protocolo actual ata o 31 de decembro de 2008.

Esta iniciativa forma parte das medidas que está impulsando a Administración pesqueira galega para paliar as consecuencias da catalogación dalgunhas zonas de produción como “C” e que afecta os traballadores do mar en varias rías galegas, como é o caso da de Pontevedra. De feito, esta clasificación impídelles comercializar en fresco os moluscos extraídos.

Deste xeito, o Goberno galego autorizou no día de hoxe a sinatura dunha addenda para a que será a cuarta prórroga do convenio de colaboración suscrito en setembro de 2007 entre a Consellería de Pesca e a agrupación de interese económico Lonxa de Campelo para a execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da ría pontevedresa. Entre as tarefas que teñen que desenvolver os mariscadores, no marco desta actuación, atópanse os traballos de limpeza das zonas de produción, traslados de semente de bivalvo de áreas de baixa produción a outras de mellor crecemento, así como o acondicionamento do substrato.

Esta nova ampliación vén motivada porque os datos microbiolóxicos do banco marisqueiro de Praceres, catalogado como zona “C” desde abril de 2007, e despois da entrada en funcionamento do novo sistema de depuración da zona, dan mostra dunha notable mellora na calidade das augas, pero non é suficiente polo momento para un eventual cambio de clasificación.

Na execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da Ría de Pontevedra están a participar activamente os titulares do permiso de explotación para marisqueo a pé asociados ás confrarías de pescadores de Pontevedra, Raxó e Lourizán, que explotan de xeito conxunto o banco marisqueiro de Praceres como consta nas ordes de 2007 e 2008 polas que se aproban os plans xerais de explotación marisqueira para os



citados anos. Así mesmo, as propias confrarías son as que controlan a distribución e realización dos traballos a executar ao amparo do convenio asinado con Pesca.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 348.000 EUROS A EXECUTAR O ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE FRAIRÍA, NO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)

- ***O proxecto permitirá dotar este núcleo dun sistema de abastecemento, substituíndo o servizo que prestaban as traídas particulares***
- ***O prazo de execución das obras é de catro meses***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a executar o abastecemento da parroquia de Frairía, no concello lucense de Castroverde, cun investimento de 348.839 euros.

O proxecto permitirá dotar este núcleo dun sistema de abastecemento, xa que na actualidade este servizo se fai mediante traídas particulares, na maior parte dos casos sen control de consumo nin sanitario.

As obras, que contan cun prazo de execución de catro meses, inclúen a realización de captacións e arquetas de formigón, a conducción mediante tomas-depósito, e a construción dun depósito de auga con capacidade para 160 metros cúbicos. O proxecto completárase coa instalación dunha fonte que inclúe un muro de contención de terras e un banco de cachotaría.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), financiará esta actuación en dúas anualidades; a primeira, con cargo aos orzamentos de 2008, cun importe de 34.884 euros e a segunda por 313.955 euros no 2009.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 400.000 EUROS EN OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO DE MASIDE (OURENSE)

- ***As actuacións de saneamento realizaranse en Mundín de Arriba, Mundín de Abaixo, A Touza, As Barandillas, Cimadevila, Carballeira e Outeiro***
- ***As obras na rede de abastecemento desenvolveranse nos núcleos da Sobreira, A Casanova, Os Corzos, As Barandillas, Dacón e Pousada***
- ***O prazo de execución dos proxectos é de seis meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 411.608 euros en obras de abastecemento e saneamento no concello ourensán de Maside. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o concello para a execución das obras.

O proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses, inclúe as actuacións necesarias para dotar de rede de saneamento aos núcleos de Mundín de Arriba, Mundín de Abaixo, A Touza, As Barandillas, Cimadevila, Carballeira e Outeiro. Mentres que a rede de abastecemento se realizará nos núcleos de Sobreira, A Casanova, Os Corzos, As Barandillas, Dacón e Pousada.

No núcleo de Sobreira farase un novo depósito con 100 metros cúbicos de capacidade que abastecerá a 350 habitantes. As obras da Casanova inclúen unha nova rede de abastecemento de 1.040 metros, mentres que nas Barandillas e Os Corzos se realizará unha canalización de 440 metros para cada núcleo. Finalmente, na rede Dacón-Pousada instalaranse 22 novas chaves de comporta e procederase á retirada das vellas.

As actuacións na rede de saneamento inclúen para As Barandillas unha canalización de 81 metros e unha fosa séptica preparada para 50 persoas. En Cimadevila está prevista unha rede de 1.300 metros de lonxitude e unha fosa séptica preparada para 100 persoas. No núcleo de Touza acometerase unha rede de saneamento de 525 metros de lonxitude; mentres que en Mundín de Arriba, a rede prevista é de 659 metros e a de Mundín de Abaixo de 470 metros, este último lugar tamén contará cunha fosa séptica para 50 persoas.

Por outra parte, está previsto dotar o núcleo da Carballeira dunha rede de saneamento cunha lonxitude de 1.300 metros e unha fosa séptica para 50 persoas. Finalmente, en Outeiro construírse unha fosa séptica para 50 persoas e máis de 412 metros de rede de saneamento.

As obras do concello de Maside serán financiadas na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O investimento distribuirase en dúas anualidades, 41.161 euros no 2008 e 370.447 euros no ano 2009.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,4 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA E OS COLECTORES DE SILLEDA

- ***A EDAR, cuxo prazo de execución é de 29 meses e estará situada en Bandeira, ten capacidade para depurar as augas residuais de 2.000 habitantes e dará servizo ás parroquias de Manduas, Chapa e Lamela***
- ***As obras inclúen ademais a instalación dunha rede de colectores e estacións de bombeo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a investir 2.498.871 euros na dotación ao concello de Silleda (Pontevedra) dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) e de colectores xerais.

O investimento realizarase en catro anualidades. Así, neste ano destinaranse ás obras unha partida inicial de 250.000 euros, en 2009 farase un segundo investimento de 1.750.000 euros, 472.989 achegaranse no ano 2010 e, finalmente, completárase o orzamento previsto cunha partida de 25.882 euros en 2011.

As infraestruturas en materia hidráulica consistirán na construción dunha nova EDAR en Bandeira con capacidade para depurar as augas residuais de 2.000 habitantes, ademais dunha rede de colectores principais e ramais que conecten coa estación para recoller e depurar as augas residuais das parroquias de Manduas, Chapa e Lamela e estacións de bombeo para impulsar a auga. As obras teñen un prazo de execución estimado de 29 meses.

Os terreos para a construción da nova depuradora, cuxo anteproxecto non recibiu ningunha alegación, foron cedidos polo concello de Silleda.



O GOBERNO GALEGO CEDERÁ TRES LOCAIS EN RÉXIME DE ALUGUER AO CONCELLO DE SANTIAGO PARA A INSTALACIÓN DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS DO SECTOR SERVIZOS

- ***Os locais están situados nos baixos das vivendas protexidas en aluguer para mozos de Belvís, no Camiño de Ameixaga***
- ***O primeiro contrato de aluguer será de 5 anos con posibilidade de prórrogas anuais e o prezo do aluguer para o concello será de 1.195 euros anuais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Santiago polo que o departamento autonómico cederá tres locais en réxime de aluguer ao concello para a instalación de novas iniciativas empresariais do sector servizos. Os locais están situados nos baixos das vivendas protexidas en aluguer para mozos de Belvís.

Deste xeito, poderase desenvolver o proxecto *Viveiro máis Compostela para novas iniciativas empresariais no sector servizos*, que implica o aluguer deste tres baixos como locais de negocio temporais e transitorios de novos emprendedores.

Os locais están situados no bloque número dous de vivendas protexidas de Belvís, Camiño da Ameixaga números 7, 9 e 11 –son os locais número 1,2 e 3-. Cada un destes locais conta cunha superficie útil de 23,22 metros cadrados. O contrato de aluguer para o concello terá unha vixencia de 5 anos coa posibilidade de prórrogas anuais e o prezo do aluguer será de 1.195 euros anuais.

Este proxecto de *Viveiro máis Compostela*, no que a consellería colabora co Departamento de Promoción Económica do Concello de Santiago, preséntase como unha iniciativa singular e innovadora para dar resposta ás necesidades de creación e localización de iniciativas empresariais relacionadas co sector servizos e co comercio.

O obxectivo é dobre: favorecer o nacemento de novas iniciativas emprendedoras facilitando locais de acollida temporal para os seus negocios e ofertando un servizo integral de apoio e acompañamento aos emprendedores e, por outra banda, servir de instrumento de dinamización comercial achegando o comercio retallista de proximidade ás novas promocións de vivendas.



O GOBERNO GALEGO INCREMENTOU NUN 65,4 POR CENTO O NÚMERO DE PRAZAS PÚBLICAS DE EDUCACIÓN INFANTIL EN 3 ANOS

- *En 2005 soamente 1 de cada 10 menores tiña acceso a unha praza pública de educación infantil de 0 a 3 anos*
- *Galicia conta agora con 10.909 prazas públicas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, fronte ás 6.595 existentes en 2005*
- *En Galicia creáronse, en tres anos, un total de 92 novas escolas infantís públicas, pasando de 118 en 2005 ás 210 de hoxe en día*
- *Son datos dun informe sobre a situación da educación infantil 0 a 3 en Galicia que a Vicepresidencia presentará mañá no Consello da Xunta*

O Goberno galego incrementou nun 65,4 por cento o número de prazas públicas de educación infantil en tres anos. Así se reflicte no informe sobre a situación da educación infantil de 0 a 3 anos, que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar presentou hoxe no Consello da Xunta.

Segundo o dito informe, esta situación é moi diferente da que se daba ao inicio da actual lexislatura, cando soamente 1 de cada 10 nenos e nenas de entre 0 e 3 anos dispoñía dunha praza pública de educación infantil. Daquela só existían en Galicia 6.595 prazas públicas (titularidade da Xunta e dos concellos), o que representaba unha taxa de cobertura do 11,3%, mentres que agora Galicia dispón de 10.909 prazas públicas de educación infantil 0 a 3, o que supón un incremento do 65,4% con relación á oferta existente no ano 2005. Na actualidade a taxa de cobertura en prazas públicas de educación infantil 0 a 3 está no 17,5%, máis de seis puntos por riba do índice rexistrado en 2005.

Incremento de centros

O informe deixa patente ademais que esta extensión do número de prazas vai aparellada co aumento no número de centros, dentro dunha clara estratexia que aposta por unha distribución reequilibradora dos recursos, que pretende reducir as diferenzas territoriais e garantir os principios de equidade e igualdade. Así, ao inicio da lexislatura, Galicia contaba cun total de 118 escolas públicas de educación infantil 0 a 3, mentres que hoxe en día conta con 210 centros. Por tanto, en tres anos creáronse 92 novas escolas de titularidade pública, rexistrándose así un incremento do 78% no número de centros.

Un total de 85 concellos galegos, o 27% do total, dispoñían en 2005 de escolas infantís públicas, mentres que en 2008 teñen acceso a este tipo de equipamentos máis da metade dos concellos de Galicia, o que significa o 53% do total. A expansión e a mellora da educación infantil no tramo de 0 a 3 anos ten constituído, polo tanto, unha das prioridades políticas da acción da Vicepresidencia, o que se traduce ademais nun esforzo financeiro sen precedentes no país. O orzamento global da Secretaría Xeral de Igualdade, en materia de educación infantil, acada en 2008 os 42,8 millóns de euros, fronte aos 25,8 millóns mobilizados en 2005, o que supón un aumento do 65%.

Rede Galescola



O compromiso e a aposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola educación infantil de 0 a 3 anos materialízase, como proxecto específico, na posta en marcha da Rede Galega de Escolas Infantís. Unha iniciativa que responde a un novo formato de centros que operan en rede, compartindo un proxecto educativo común e baixo as garantías de calidade. Un proxecto que xira sobre dous obxectivos centrais: a necesidade de intensificar a colaboración institucional entre a Xunta e os concellos para a construción de novos equipamentos e servizos, o que se materializa a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e un segundo obxectivo de compromiso co establecemento dun modelo homoxéneo de atención educativa de carácter integral, coa calidade, a innovación e o compromiso co país como principais referentes.

Na actualidade, no inicio do curso escolar 2008-2009, Galicia conta con 73 galescolas en funcionamento, que ofrecen preto de 3.500 prazas. Coa presenza en 35 comarcas, a Rede de Galescola ten un impacto directo ou indirecto sobre preto dun millón de persoas. Isto significa que máis de 1 de cada 3 galegos e galegas dispoñen dun centro destas características na súa vila ou cidade. O informe recolle que, segundo os compromisos asumidos pola Vicepresidencia, a finais de 2008 Galicia disporá dun total de 85 galescola en funcionamento, tras a integración na Rede de 12 centros de titularidade municipal.

Horizonte en 2009

Hoxe en día, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar traballa ademais na construción de 6 novas escolas infantís e na licitación de obras doutros 4 centros, mentres que un total de 17 escolas municipais se atopan en proceso de construción con financiamento da Vicepresidencia. Tras a entrada en funcionamento destes 27 centros, actualmente en fase de construción (que supoñen 1.588 novas prazas públicas), a Rede pasará a estar integrada por máis dun cento de equipamentos, en total 112 galescola.

Deste xeito, Galicia disporá de 5.092 novas prazas públicas creadas respecto ás que existían en 2005, pasando das 6.595 prazas dispoñibles daquela ás 12.497 prazas, cunha taxa de cobertura do 20%.

O obxectivo é que a Rede Galega de Escolas Infantís dispoña dun total de 121 centros en 2009. De acordo ao escenario actual e ao ritmo de traballo, tal e como se recolle neste informe, a finais de 2009 Galicia superará este obxectivo marcado ao principio da lexislatura. Daquela o número de prazas públicas para nenos e nenas menores de tres anos acadará as 13.717, cunha taxa de cobertura do 22%. Deste xeito, a estratexia do Goberno galego levada a cabo estes anos en materia de educación infantil 0 a 3, suporá a creación neste tempo de 7.000 novas prazas públicas, que van permitir que Galicia atinxa no ano 2010 a taxa de cobertura do 33%, ratio recomendada pola Unión Europea para ese ano.